

FINANCIACIÓN PARA PROYECTOS DE I+D+i COLABORATIVOS: CONVOCATORIA 2017 RETOS-COLABORACIÓN DO “PROGRAMA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN, DESARROLLO E INNOVACIÓN ORIENTADA A LOS RETOS DE LA SOCIEDAD”

O obxectivo que se procura é apoiar o desenvolvemento de **proxectos en cooperación** entre **empresas e organismos de investigación públicos ou privados**, co fin de promover o desenvolvemento de novas tecnoloxías, a aplicación empresarial de novas ideas e técnicas, e contribuír á creación de novos produtos e servizos.

Aínda que a convocatoria establece que os proxectos financiaranse vía préstamo, subvención ou Anticipo Reembolsable, **a participación da universidade será sempre subvención e/ou Anticipo Reembolsable.**

Participantes

Obrigatoriamente o **coordinador/solicitante** debe ser unha **empresa pública ou privada** (non vale unha asociación empresarial). Mínimo dúas entidades participantes: unha empresa e un organismo de investigación público ou privado.

Balance empresa/investigación:

- Participación empresarial (público ou privado) entre o 60% e o 90% (ningunha pode soportar o 70% por se soa).
- Participación dos organismos de investigación (públicos ou privados) entre o 10% e o 40%.
- Participación **mínima** de cada entidade: **10%** do orzamento total presentado.

Todos os participantes teñen a obriga de solicitar a axuda como mínimo nunha anualidade.

Coordinador Técnico

A Agrupación poderá nomear a un Coordinador Técnico do proxecto, **non sendo obrigatoria** esta figura. Se se nomea deberá estar recollido na memoria e no acordo de consorcio. Por outra banda, se non se nomea entenderase que o representante da agrupación asume as tarefas de coordinación técnica.

Acordo de consorcio

Deberá ser presentado polo solicitante/coordinador coa solicitude de axuda e **deberá estar asinado (en papel ou de xeito electrónico) por todas as entidades participantes.** Mínimo contido do acordo de consorcio:

- Descrición das características da agrupación, e identificación da entidade que vai actuar como representante da mesma.
- No caso de que exista a figura do coordinador técnico, indicar que participante ostenta a condición do mesmo, e cales son as funcións técnicas que lle son encomendadas.
- Definición dos compromisos que adquire cada participante ao formar parte da agrupación, detallando en que fitos do proxecto vai participar.

Características do proxecto

- Orzamento mínimo: 500.000 euros
- Duración: inicio sempre no 2018 (nunca antes da data de presentación da solicitude) e deberán durar como **mínimo ata o 31 de decembro de 2019** e como **máximo ata 31 de decembro de 2021**.

Gastos subvencionables para a Universidade

- Gastos de Persoal (só persoal dos grupos de cotización 1, 2 e 3 con titulación universitaria de grado medio o superior o formación profesional de grado superior). Non se financia o custo da liquidación asociado ao contrato laboral. Deberá incluírse no orzamento o custe do persoal propio aínda que este non será subvencionado. O custo de persoal propio si computa para o cálculo dos porcentaxes de participación.
- Adquisición de aparatos e equipos novos sempre que se dediquen en exclusiva ao proxecto e a súa vida útil coincida coa duración do mesmo. Leasing: só cantidades pagadas ata o 31 de decembro de cada anualidade.
- Material funxible.
- Subcontratación.
- Informe de Auditor, gastos de consultaría e asistencia técnica ata un máximo de 1200 euros por entidade beneficiaria e anualidade.
- Consultaría para a xestión do proxecto (só ao representante e ata 10.000 euros por ano).
- Asistencias técnicas
- Xeración de Patentes
- Viaxes estritamente necesarios para a realización do proxecto e cun importe máximo de 2.000 Eur/ano (só viaxes referidos a persoal incluído no proxecto). Non se financian viaxes correspondentes a asistencia a congresos, xornadas ou outras actividades de difusión.
- Custos indirectos

Financiamento

- Empresas privadas: préstamo*.
- Empresas públicas: subvención
- Universidades Públicas y OPIs definidos en el art. 47 de la Ley 14/2001, de 1 de junio: subvención e/ou anticipo Reembolsable FEDER
- Centros de I+D públicos: subvención
- Centros I+D privados: subvención

*Préstamo: prazo de amortización 10 anos, 3 anos de carencia e tipo de xuro Euribor publicado polo Banco de España no mes anterior á publicación da convocatoria.

IMPORTANTE: A percepción das axudas reguladas na convocatoria será **compatible** coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración Pública ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, nos termos que establece o artigo 34 e 38 da Orden ECC/1780/2013, de 30 de setembro (B.O.E. 02/10/2013).

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes (telemáticamente a través da sede electrónica) iniciárase o **14 de novembro de 2017 ás 00:00 horas (hora peninsular)** e rematará o **13 de decembro de 2017 ás 15:00 horas (hora peninsular)**.

Criterios de Selección

O Artigo 19 da Convocatoria establece o seguinte:

- Excelencia técnica, innovadora y económica del proyecto. 30 puntos.**
 - *Adecuada definición de los objetivos y de la metodología del proyecto. 12 puntos.*
 - *Principales elementos innovadores del proyecto. 10 puntos.*
 - *Correcta adecuación del presupuesto a la actividad del proyecto. 8 puntos.*
- Capacidad técnica y económica del consorcio. 15 puntos.**
 - *Antecedentes y complementariedad de los miembros del consorcio, y la capacidad técnica y económica.*
- Explotación de resultados esperados y orientación al mercado. 20 puntos.**
 - *Estudios de análisis y previsión de mercados. 15 puntos.*
 - *Generación y explotación de patentes y/o modelos de utilidad. 5 puntos.*
- Impacto socioeconómico. 15 puntos.**
 - *Creación de empleo directo de los miembros del consorcio y medidas orientadas a la igualdad de género. 8 puntos.*
 - *Inversión privada movilizada por los miembros del consorcio. 7 puntos.*
- Proyección internacional. 20 puntos**

- *Participación en programas de I+D+i internacionales de los miembros del consorcio. 8 puntos.*
- *Capacidad para la apertura de mercados y relaciones internacionales. 12 puntos.*

APOIO DENDE A VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

Dende a Vicerreitoría de Investigación e Innovación, considérase que é unha iniciativa interesante e ofrecerase un **APOIO TOTAL** a aqueles investigadores que desexen participar, incluíndo:

- Asesoramento completo en todas as fases da solicitude e, posteriormente, seguimento se o proxecto fose concedido.
- Apoio na preparación de presupostos e na negociación do acordo de consorcio (a USC dispón dun modelo de acordo de consorcio que se poderá facilitar).
- De igual modo, se fora necesario, poderase asesorar tamén as empresas coordinadoras ou socias para facilitarlles a información ou o apoio que necesitaran, especialmente en todo o referente á xestión de presupostos nunha modalidade de proxectos que se financian vía crédito, en lugar de subvención.

NOTA IMPORTANTE

Cada membro da agrupación **deberá responder das obrigas de reintegro ou das sancións** que se podan impoñer como consecuencia do incumprimento dos seus compromisos, nos termos establecidos nos artigos 40.2 e 53.a) da *Ley 38/2003, de 17 de novembro*.

No caso de que un membro da agrupación non responda das obrigas de reintegro, **cada membro da mesma responderá solidariamente**, de acordo co artigo 40 da *Ley 38/2003, de 17 de novembro*. O importe a reintegrar por cada membro da agrupación terá como límite as cantidades de axuda efectivamente recibidas.

En virtude do establecido na disposición adicional primeira da *ECC/1780/2013, de 30 de setembro*, cada membro da agrupación responderá individual e exclusivamente da amortización do préstamo que lle foi asignado e dos incumprimentos nas devolucións das cotas de amortización dos préstamos, **non aplicándose a responsabilidade solidaria á devolución dos préstamos**.

Por esta razón, os grupos de investigación e os servicios técnicos da universidade **deberán sempre revisar e considerar a solvencia de todos os socios cos que participar nalgún proxecto** de cara a decidir a participación ou non da USC no proxecto **o que deberá informarse de forma expresa antes de validar a proposta**.